

COMUNICADO DE COMISIONS DE BASE (Co.bas) GALICIA.

MANIFESTACION O 26 DE XUÑO EN PONTEVEDRA

Lugar: como a do dia 30, desde as escaleiras do H.Provincial ata o Concello.

Hora as 8 da tarde

**Faise necesaria a Unidade dos traballadores e traballadoras desde a base para
enfrentar os novos recortes, privatizacions e a precarizacion.**

Se algo demostrou a Pandemia do COVID-19 é que o Sistema Sociosanitario Galego (Sanidade e Residencias de maiores) estaba xa baixo minimos para freala; as situacions dramaticas de desborde e colapso, a falta de medios persoais e materiais para facerlle fronte convertiron a frase, “Os recortes matan”, nunha traxica realidade.

Mais de 11 de anos de aplicación do *control de Gasto* deixou os cadros de persoal ao minimo ealtamente precarizado, a aplicación do *artigo 135 da Constitucion* priorizando o pagamento da debeda a os bancos por riba dos *Gastos en material e persoal*.

A consecuencia de todo isto é que a separacion da prestacion e a financiacion e as “NOVAS FORMAS DE XESTION” posibilitadas polo *artigo 90 da lei Xeral de Sanidade e a Lei 15/97* convertíronse nas normas cotiás das privatizacions dos servizos, a derivacion cara a sanidade privada e a construcion de novos *Hospitais “semiprivados”* (*Alvaro Cunqueiro, futuro Gran Montecelo e o Novo de A Coruña*) (*coas ganancias para as empresas e as perdas garantidas polo Estado cos impostos de todas e todos*).

Non é que o Sector Sociosanitario gozara de boa saúde antes da Pandemia; o certo é que a sua saúde xa estaba mais que resentida e tocada, as listaxes de agarda ou as mortes por falta de medios eran a sua maxima expresion. Poucos dias antes da declaracion do *Estado de Alarma*, viñamos dunha grande mobilización en Compostela que culminaba a resposta do Pobo de Verín a o Peche do paridoiro e a ameaza contra o propio Hospital.

Antes sucederanse folgas en Hospitais (Monforte), mobilizacións na Mariña Lucense contra os recortes do Hospital de Burela, en centros de Saúde (Zas,etc). A resposta ás politicas de recortes ven de lonxe, desde o mismisimo ano 1996, desde que a Xunta do PP comezara coas suas politicas de destruccion do Sector Sociosanitario Publico, coa privatización masiva das Residencias de Miores e de Servizos do Sergas.

Nestas a Pandemia foi un tsunami que puxo branco sobre negro todas as debilidades inducidas por esas politicas.

Frente a isto, e desde o primeiro momento, pois o *estado de Alarma* non era un *estado de Excepción* que suprimiraos dereitos das traballadoras e traballadores, O SINDICATO COMISIONS DE BASE, impulsou a maxima *UNIDADE PARA DENUNCIAR, MOBILIZAR E EXIXIR MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS COS QUE ENFRENTAR A PANDEMIA*

Fixeron-se CONCENTRACIÖNS nas Portas dos Hospitais e mais recentemente o dia 30 de MAIO unha exitosa MANIFESTACION de mais de 550 persoas, co obxectivo de DENUNCIAR A SITUACION E REIVINDICAR SOLUCIÖNS. Neste camiño, Xunto con outras organizacións como PROSAGAP etc TEMOS CONVOCADA UNHA MANIFESTACIÓN PARA O DIA 26 DE XUÑO AS 8 DA TARDE QUE SAIRA DESDE AS ESCALEIRAS DO HOSPITAL PROVINCIAL ATA O CONCELLO.

Estas mobilizacións que contaron desde o primeiro momento co rexeitamento das forzas sindicais da Mesa Sectorial de Sanidade (CIG, CCOO, UGT, CSIF, e SATSE), QUE CONSIDERABAN QUE “non era o momento”; mais,...cando é o momento para loitar en defensa de medios para garantir a Saúde da poboación e a dos traballadores e traballadoras ? CANDO CHEGAN AS ELECCIONS? Porque agora achamos que estan convocadas “a posteriori” concentracións para o dia 25 por S.O.S Sanidade, (CIG, CCOO, UGT, PSOE, PODEMOS, BNG e....) Sin contar para nada coa Xunta de Personal do Distrito de

Pontevedra, para o día 25, curioso...XUSTO O DIA ANTERIOR DA XA CONVOCADA 10 DIAS ANTES POLOS SINDICATOS COMISIONS DE BASE, PROSAGAP e CESM a que tense adherido a CNT, PARA O DIA 26 VENRES ÁS 8 DA TARDE. De nada serviron as chamadas que se lles fixeron a UNIDADE e a tratar de chegar a un CONSENSO.

Desde CO.BAS non podemos mais que nos alegrar de que estas organizacións, que ata o de agora estiveron paradas e mudas e facendo propagandas esteriles, tomen o camiño da mobilización e da loita; mais non podemos, por outra parte mais que desconfiar da motivación real da convocatoria, porque prodúcese a poucos das eleccións e entre os convocantes están foras políticas e sindicais que defenden a lexislación que posibilitou esta situación e que non levan nos seus programas a súa derogación (a Lei 15/97 aprobada por acordo PP-PSOE, o artigo 135 da Constitución Igualmente, e tamen o Artigo 90 da Lei xeral de Sanidade.) o mesmo tempo tamen forma parte de esa convocatoria os sindicatos que ata o de agora levan rexeitado as convocatorias de seis CONCENTRACIONES e unha manifestación, ¿ É POSIBEL FIARSE DE QUEN CON ESTE PASADO INMEDIATO CONVOCAN UNHA CONCENTRACIÓN O DIA ANTERIOR A OUTRA DOS TRABALLADORES SANITARIOS DO DISTRITO, XA CONVOCADA CON 20 DIAS DE ANTELACION ? Solo é posíbel entendelo desde a visión de que OS OBXECTIVOS SON BEN DISTINTOS E O QUE SE ESTA A PRETENDER E O BOICOT DA MANIFESTACION CONVOCADA PARA O VENRES 26 AS 8 DA TARDE POLOS TRABALLADORES e tratar de convertila nunha manifestación electoralista e de lavado de cara dos que perante máis de 5 meses estiveron “mudiños” e “agazapadiños”.

A Xunta de Galicia do PP e Feijoo xa anunciou que o CAMIÑO DOS RECORTES e a PRIVATIZACIÓN, é dicir, de cadros de personal baixo mínimos, de falta de medios, de derivacións a sanidade privada váise manter. Mentras recorta ten a caradura de “EXIXIR” que se lle pague os Hospitais privados indemnización polas perdas sufridas nestes meses da Pandemia.

A “FOLLA DE RUTA” non a van a mover nin un pelo pois é a que ven ordeada desde a Unión Europea, que xa está pedindo, a cambio dos 140.000 millóns de axudas ao Estado Español “REFORMAS ESTRUCTURAIS”.

Se antes da Pandemia era un feito que os cadros de personal non eran suficientes para responder ás necesidades sociais, nin tan siquer incorporando os traballadores e traballadoras da privada, cunha ameaza máis que real de novos rebrotes da COVID-19, é criminal a política da Xunta de despedir, recortar e privatizar servizos. Frente a iso desde CO.BAS, consideramos que so desde a MÁXIMA UNIDADE na loita contra esa “FOLLA DE RUTA” que aplicara o novo Goberno da Xunta (e o Central) como fixeron xa en VERIN; unha UNIDADE que ten DOUS ASPECTOS:

Un, poñer no centro a EXIXENCIA da DERROGACION DO MARCO LEGAL que tróuxonos a esta situación, a Lei 15/97, o artigo 90 da Lei Xeral de sanidade e o Artigo 135 da Constitución, ademais das medidas de control de gasto e RENACIONALIZANDO os servizos privatizados ou en trancede privatización (Limpeza, mantemento, cociñas, etc.)

Dous, ACABAR COA PRECARIIDADE NO TRABALLO e pola estabilidade no emprego e contratación ate cubrir todas as necesidades sanitarias da poboación non chega cos traballadores e traballadoras actuais dos centros, sexan fixos ou interinos, como o demostra a existencia de listaxes de agarda antes da Pandemia, porque:

GOBERNE QUEN GOBERNE A SANIDADE DEFENDESE

Frente a todo isto, desde CO.BAS consideramos coa MÁXIMA UNIDADE NA LOITA poderemos DERROTAR esta “ FOLLA DE RUTA” que aplicará o novo Goberno da Xunta (ou Central) como fixeron xa en Verin